

RESOLUCIÓN pola que se adxudican definitivamente os destinos provisionais para o curso académico 2022/2023 entre o persoal docente pertencente aos corpos de inspectores de educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (código de procedemento ED002B).

Mediante Resolución do 7 de xuño de 2022 (Diario Oficial de Galicia n.º 117, do 20 de xuño), convocouse o concurso de adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2022/2023 entre o persoal docente pertencente aos corpos de inspectores de educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.

Con base no disposto no punto sétimo da dita resolución, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer pública, tanto no portal da internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, <https://www.edu.xunta.gal/> como no Diario Oficial de Galicia, a adxudicación definitiva os destinos provisionais para o próximo curso académico 2022/2023 entre o persoal docente pertencente aos corpos de inspectores de educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo, de acordo coas normas para a adxudicación de destino provisional establecidas pola Orde do 7 de xuño de 2018 (Diario Oficial de Galicia núm. 113, do 14 de xuño).

Segundo. A adxudicación definitiva terá efectividade o día seguinte ao da súa publicación no dito portal da internet desta consellería, sen prexuízo de que a toma de posesión se efectuará conforme o disposto no artigo 41 da Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se ditan normas para a adxudicación de destinos provisionais

Terceiro. De conformidade co disposto no citado artigo 41 da Orde do 7 de xuño de 2018, o persoal adxudicatario tomará posesión no centro educativo de destino e incorporarase con efectividade económica e administrativa do 1 de setembro de 2022 con independencia da data de inicio das actividades lectivas



fixada mediante a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Cuarto. Os nomeamentos serán remitidos ao enderezo de correo electrónico das persoas interesadas.

Quinto. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular recurso potestativo de reposición, electronicamente no trámite activado ao efecto no procedemento ED002B, no prazo dun mes, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente, de conformidade coa Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

INSÍRASE NO DOG

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

